



CIRCULAR 59-2021.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS SUB 10, SUB 12 E SUB 14, TROFEO ABANCA 2021 AIRE LIBRE.

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza en datas a determinar (Pendente de cambio por parte da Comisión Delegada) Campionato de Galicia de Clubs Sub14, Sub 12 e Sub 10 de pista ao aire libre por equipos

6 de Xuño: Mañá Sub 14 Homes
Tarde Sub 14 Mulleres
12 de Xuño: De 10h a 12h Sub 10 Mulleres
De 12h a 14h Sub 10 Homes
De 17h a 19h Sub 12 Mulleres
De 19h a 21h Sub 12 Homes

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das categoría Sub 10, Sub 12 e Sub 14 que teñan licenza pola F.G.A. na tempada 2021.

Art.3).- Participación

Sub10 e Sub12:

Cada club estará representado por un/ha atleta en cada proba, e cada atleta só poderá participar en 1 proba individuais ou 1 proba individual e un relevo (no caso de pode facerse* Pendente de aprobación).

Sub 14

Cada club estará representado por un/ha atleta en cada proba, e cada atleta só poderá participar en 2 probas individuais ou 1 proba individual e un relevo (no caso de pode facerse* Pendente de aprobación).

En caso de facer dúas carreiras, só unha de elas poderá ser superior a 250 metros.

Art.4).- Os Clubs interesados en participar deberán completar na intranet ([hhttps://isis.rfea.es/sirfea2/](https://isis.rfea.es/sirfea2/)) o estadiño de marcas antes do **29 de maio ás 20:00 para os sub 14 e o 2 de Xuño as 20:00 , para os Sub 12 e sub 10**. Valerán as marcas dende a tempada 2020 e 2021 dos/as atletas con licenza por ese club na tempada actual, aínda que no 2020 teñan estado noutro club.

As probas a puntuar serán as seguintes:

Sub 10:

50, 500, 1000, 1000 Marcha , altura, lonxitude, peso 1kg e pelota (200 grs)

Sub 12:

60, 500, 1000, 2000 Marcha , altura, lonxitude, peso 2kg e pelota (300 grs)

Sub 14:

80, 150, 500, 1000, 2000, 80 mv, 220 mv, 1000 obs , 2000 marcha, altura, triplo, lonxitude, pértiga, peso, disco , xavelina e martelo.



Farase unha competición virtual coas marcas presentadas dándolle N puntos ao primeiro clasificado, N-1 ao segundo etc, sendo N o número equipos que completen o estadio cumprindo os mínimos exixidos para a competición. (se algún equipo non ten marca nalgunha proba poderá presentar a un atleta sen marca para poder completar o equipo)

Unha vez aceptados os 16 mellores estadios en homes e os 16 en mulleres abriase o prazo de inscrición ata o luns anterior a competición as 20:00.

Art.5).- Respecto ao número de actuacións de atletas de clubs asociados aplicarase máximo 2 participacións no Sub 10 e Sub 12 e de 4 no Sub 14.

Art.6).- Nas categorías sub10 e sub12 poderán deixar valeira unha proba e na categoría Sub 14 dúas probas.

(no caso de celebrarse os relevos non cambiará o número de probas a completar)

Art.7).- Unha vez publicados os estadios e feita a competición virtual non se poderá variar a composición deste. No caso de que algunha inscrición estivera mal feita, non contará a proba correspóndete ao club

No caso de facer unha alienación indebida no estadio, (mais pobras das posibles feitas por un mesmo atleta, mais asociados dos posibles ou marcas falsas), automaticamente anularase a inscrición por completo.

Art.8).- Realizarase unha clasificación por equipos onde existirá un campión masculino e outro feminino

Art.9).- O sistema de puntuación establecerase outorgando ó/á primeiro/a atleta N puntos, sendo N o número de equipos participantes; ao segundo N-1; ó/á terceiro/a N-2 e así sucesivamente. O equipo que obteña maior número de puntos proclamarase Campión de Galicia e así sucesivamente. En caso de empate analizarase os primeiros postos conseguidos para establecer o campión. En caso de persistir o empate serán analizados os segundos postos, etc. Se un club no completa probas quedará excluído da clasificación final variando N e a asignación de puntos en cada proba.

Art.10).- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 30 minutos antes do peche de cámara de chamadas na categoría Sub 14 e 2 trocos nas Sub 10 e Sub 12.

Art.11).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal. Na marcha usaranse dous dorsais.

Art.12).- Os/as atletas disporán de tres intentos nos concursos agás nos saltos verticais.



Art.13).- Alturas dos listóns:

Colocaranse á altura máis baixa das solicitadas polos/as atletas e permitida pola instalación. As cadencias publicaranse co horario definitivo e inscritos/as.

Art.14).- O sorteo de rúas e orde de actuación nos concursos realizarase na FGA e comunicado ós clubs unha vez rematado o prazo de pre-inscrición e publicados os admitidos.

Art.15).- Horario provisional do Campionato:

Pendente de valoración segundo a instalación.

HORARIO LÍMITE SAÍDA PISTA (deberán presentar DNI ou calquera documento con foto)

Carreiras	6 m. antes hora oficial da proba	
Carreiras valadas	8 m.	"
Concursos (agás pértega)	15 m.	"
Pértega	22 m.	"

*Cámara de chamadas: 5 m antes da saída á pista

* Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada.

* A homologación de artefactos de lanzamento pechará 1h antes do horario da súa proba.

Art.16).- Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

Art.17).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros.

Art.18).- O aforo será controlado e limitado. Pendente da actual situación derivada do COVID-19.

Art.19).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.20).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2021), RFEA e WA.

A Coruña, 27 de maio de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo